



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional**

Programación de proba libre de módulos profesionais

Módulo: Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material

Profesor/a: Iván Jesús Cristobo Luaces, Sara Martín Saiz, Margarita Vázquez Ouro

Curso: 2023 2024

IES MONTE CASTELO

Índice

Índice	2
1 Identificación da programación	3
1.1 Centro educativo	3
1.2 Ciclo formativo	3
1.3 Módulo profesional	3
1.4 Profesorado responsable	3
2 Capacidades terminais e contidos	4
2.1. PRIMEIRA PARTE DA PROBA	4
2.1.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan	4
Capacidades terminais do currículo	4
2.1.2. Contidos mínimos necesarios que se avaliarán para a verificación da consecución das capacidades terminais por parte do alumnado	4
Contidos do currículo	4
CONTIDOS CONCEPTUAIS	4
CONTIDOS PROCEDIMENTAIS	5
CONTIDOS ACTITUDINAIS	5
2.2. SEGUNDA PARTE DA PROBA	6
2.2.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan	6
Capacidades terminais do currículo	6
2.2.2. Contidos mínimos necesarios que se avaliarán para a verificación da consecución das capacidades terminais por parte do alumnado	6
Contidos do currículo	6
CONTIDOS CONCEPTUAIS	6
CONTIDOS PROCEDIMENTAIS	7
CONTIDOS ACTITUDINAIS	7
3 Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva	9
4 Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento	10
4.a) Primeira parte da proba	10
4.b) Segunda parte da proba	10

1 Identificación da programación

1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013958	IES MONTE CASTELO	BURELA	2023-2024

1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	SANIDADE	C19M001	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA	MEDIO	PROBA LIBRE

1.3 Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas anuais
CM0304	HIXIENE DO MEDIO HOSPITALARIO E LIMPEZA DE MATERIAL	160

1.4 Profesorado responsable

Profesora do asignado ao módulo	Iván Jesús Cristobo Luaces, Sara Martín Saiz, Margarita Vázquez Ouro
--	--

2 Capacidades terminais e contidos

2.1. PRIMEIRA PARTE DA PROBA

2.1.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan

Capacidades terminais do currículo
Contribuír na prevención de infeccións hospitalarias actuando sobre a transmisión de enfermidades aplicando as medidas individuais e colectivas establecidas.
Aplicar técnicas de limpeza e desinfección ós materiais e instrumentos utilizados na asistencia sanitaria.
Esterilizar os materiais e instrumentos sanitarios, realizar os controis correspondentes e almacenar adecuadamente o material estéril.
Utilizar as medidas de illamento necesarias segundo a situación, estado e idade do paciente.
Diferenciar os compoñentes da unidade do paciente e analizar as condicións hixiénico–sanitarias que debe cumprir, describindo os métodos e as técnicas para conseguilas.
Realizar a preparación de berces e incubadoras segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.
Seleccionar os medios e técnicas en función do tipo de mostra biolóxica a recoller e aplicar a técnica de recollida adecuada ó estado e idade do paciente ou cliente para realizar o estudio solicitado.
Realizar e eliminar os refugallos clínicos segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.

2.1.2. Contidos mínimos necesarios que se avaliarán para a verificación da consecución das capacidades terminais por parte do alumnado

Contidos do currículo
CONTIDOS CONCEPTUAIS
Infección e enfermidade transmisible. Cadea epidemiolóxica. Prevención de enfermidades transmisibles. Infeccións hospitalarias.
Hixiene do medio hospitalario. Principios básicos.
Material refugable e non refugable. Limpeza de material sanitario: manual e mecánica.
Principios básicos e dinámica da desinfección.
Métodos de desinfección: físicos e químicos. Mecanismos de acción de desinfectantes.
Principios básicos e dinámica da esterilización.
Métodos de esterilización: físicos e químicos.
Métodos de control de esterilización: mecánicos, químicos, biolóxicos. Rexistros gráficos.
Estructura xeral e composición da unidade do paciente. Factores ambientais. Medios materiais e instalacións fixas que a compoñen. Instalacións e equipos en función do tipo de servizo.
Tipos de cama hospitalaria. Accesorios. Roupa de cama.

Berces e incubadoras.

Enfermidades susceptibles de illamento. Tipos de illamento.

Tipos de mostras biolóxicas. Técnicas de recolleita e de eliminación.

Tipos de refugallos clínicos.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Aplicación de técnicas básicas de hixiene. Lavado de mans. Aplicación de técnicas para vestirse asepticamente.

Aplicación de técnicas de limpeza: material cirúrxico, material de plástico, metálico e de vidro, aparellos e carros de curas.

Verificación do proceso de limpeza e acondicionamento do material limpo. Conservación.

Aplicación dos métodos físicos de desinfección.

Utilización de desinfectantes.

Aplicación de técnicas de esterilización: físicas e químicas.

Aplicación de técnicas de almacenamento e conservación do material estéril.

Aplicación de técnicas de limpeza e hixiene da unidade do paciente.

Utilización de técnicas para facer a cama hospitalaria: desocupada, ocupada e cirúrxica.

Limpeza e preparación de berces e incubadoras.

Aplicación de técnicas de illamento: hospitalario e domiciliario.

Recoleita de mostras biolóxicas. Manipulación, transporte conservación e eliminación.

Recoleita e eliminación de refugallos clínicos

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Responsabilidade na prevención de enfermidades transmisibles.

Hábito de utilización das técnicas básicas de hixiene. Rigor na aplicación das técnicas de limpeza e acondicionamento do material.

Responsabilidade no coidado e conservación do material.

Hábito de uso de equipos de desinfección.

Rigor na aplicación das técnicas de desinfección.

Valoración da importancia do proceso de esterilización.

Rigor na aplicación das técnicas de esterilización.

Respecto pola intimidade do paciente e preocupación polo seu benestar.

Consciencia da situación do paciente illado e da dos seus familiares.

Responsabilidade na manipulación de mostras biolóxicas e residuos clínicos.

2.2. SEGUNDA PARTE DA PROBA

2.2.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan

Capacidades terminais do currículo
Contribuír na prevención de infeccións hospitalarias actuando sobre a transmisión de enfermidades aplicando as medidas individuais e colectivas establecidas.
Aplicar técnicas de limpeza e desinfección ós materiais e instrumentos utilizados na asistencia sanitaria.
Esterilizar os materiais e instrumentos sanitarios, realizar os controis correspondentes e almacenar adecuadamente o material estéril.
Utilizar as medidas de illamento necesarias segundo a situación, estado e idade do paciente.
Diferenciar os compoñentes da unidade do paciente e analizar as condicións hixiénico-sanitarias que debe cumprir, describindo os métodos e as técnicas para conseguilas.
Realizar a preparación de berces e incubadoras segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.
Seleccionar os medios e técnicas en función do tipo de mostra biolóxica a recoller e aplicar a técnica de recollida adecuada ó estado e idade do paciente ou cliente para realizar o estudio solicitado.
Realizar e eliminar os refugallos clínicos segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.
Contribuír na prevención de infeccións hospitalarias actuando sobre a transmisión de enfermidades aplicando as medidas individuais e colectivas establecidas.

2.2.2. Contidos mínimos necesarios que se avaliarán para a verificación da consecución das capacidades terminais por parte do alumnado

Contidos do currículo
CONTIDOS CONCEPTUAIS
Infección e enfermidade transmisible. Cadea epidemiolóxica. Prevención de enfermidades transmisibles. Infeccións hospitalarias.
Hixiene do medio hospitalario. Principios básicos.
Material refugable e non refugable. Limpeza de material sanitario: manual e mecánica.
Principios básicos e dinámica da desinfección.
Métodos de desinfección: físicos e químicos. Mecanismos de acción de desinfectantes.
Principios básicos e dinámica da esterilización.
Métodos de esterilización: físicos e químicos.
Métodos de control de esterilización: mecánicos, químicos, biolóxicos. Rexistros gráficos.
Estructura xeral e composición da unidade do paciente. Factores ambientais. Medios materiais e instalacións fixas que a compoñen. Instalacións e equipos en función do tipo de servizo.
Tipos de cama hospitalaria. Accesorios. Roupa de cama.
Berces e incubadoras.
Enfermidades susceptibles de illamento. Tipos de illamento.
Tipos de mostras biolóxicas. Técnicas de recolleita e de eliminación.
Tipos de refugallos clínicos.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Aplicación de técnicas básicas de hixiene. Lavado de mans. Aplicación de técnicas para vestirse asepticamente.

Aplicación de técnicas de limpeza: material cirúrxico, material de plástico, metálico e de vidro, aparellos e carros de curas.

Verificación do proceso de limpeza e acondicionamento do material limpo. Conservación.

Aplicación dos métodos físicos de desinfección.

Utilización de desinfectantes.

Aplicación de técnicas de esterilización: físicas e químicas.

Aplicación de técnicas de almacenamento e conservación do material estéril.

Aplicación de técnicas de limpeza e hixiene da unidade do paciente.

Utilización de técnicas para facer a cama hospitalaria: desocupada, ocupada e cirúrxica.

Limpeza e preparación de berces e incubadoras.

Aplicación de técnicas de illamento: hospitalario e domiciliario.

Recolleita de mostras biolóxicas. Manipulación, transporte conservación e eliminación.

Recolleita e eliminación de refugallos clínicos

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Responsabilidade na prevención de enfermidades transmisibles.

Hábito de utilización das técnicas básicas de hixiene. Rigor na aplicación das técnicas de limpeza e acondicionamento do material.

Responsabilidade no coidado e conservación do material.

Hábito de uso de equipos de desinfección.

Rigor na aplicación das técnicas de desinfección.

Valoración da importancia do proceso de esterilización.

Rigor na aplicación das técnicas de esterilización.

Respecto pola intimidade do paciente e preocupación polo seu benestar.

Consciencia da situación do paciente illado e da dos seus familiares.

Responsabilidade na manipulación de mostras biolóxicas e residuos clínicos.

3 Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva

1. **Considéranse mínimos exigibles** tódalas capacidades terminais elementais e os contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) establecidos no correspondente Decreto 61/1999, do 18 de Febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en cuidados auxiliares de enfermaría, relacionados co módulo profesional de Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material, agás a limpeza e preparación de berces e incubadoras.
2. **Os criterios de cualificación** que seguirán son os seguintes, tendo en conta os artigo 13 e 14, sobre avaliación e cualificación final das probas libres da ORDE do 5 de abril de 2013 :
Proba teórica:
Versará sobre unha mostra suficientemente significativa das capacidades terminais e contidos establecidos na programación para esta parte.
Consistirá nunha proba escrita que poderá incluír preguntas tipo test, imaxes, completar, verdadeiro ou falso, preguntas curtas e/ou preguntas a desenvolver para relacionar contidos.
Cada exercicio valorarase ca puntuación indicada na proba.
Cualificarase de 0 a 10 puntos e para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
Terá carácter eliminatorio e de non acadar a puntuación mínima non se poderá acceder á proba práctica.
Proba práctica:
Versará sobre unha mostra suficientemente significativa das capacidades terminais e contidos establecidos na programación para esta parte.
Poderá consistir nunha proba escrita que poderá incluír preguntas tipo test, imaxes, completar, verdadeiro ou falso, preguntas curtas e/ou preguntas a desenvolver para relacionar contidos e/ou poderá levarse a cabo mediante a resolución de casos prácticos no taller de TCAE.
Cada exercicio valorarase ca puntuación indicada na proba.
Cualificarase de 0 a 10 puntos e para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
Terá carácter eliminatorio e de non acadar a puntuación mínima non se superará o proceso.
De non superar a primeira parte da proba a cualificación nesta segunda parte será dun 0.
3. **A cualificación final** do módulo obtérase pola media aritmética da cualificación acadada nas dúas probas, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, no caso de resultar decimais.
Para calcular a nota final nun só número enteiro usarase o redondeo científico: de x,00 a x,49 (sendo x a nota enteira) será o número enteiro anterior, de x,50 a x,99 a nota final será o número enteiro superior.
As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.
No caso do alumnado que suspenda a segunda parte da proba, a puntuación máxima que se lle poderá asignar será de 4.
4. **A realización de calquera acción de tipo fraudulento ou incumpimento das normas de prevención, protección e seguridade** -sempre que puidese implicar algún tipo de risco para si mesma, para o resto do grupo ou para as instalacións durante a realización das probas-, poderá implicar a exclusión da proba ou sesión práctica durante a realización da mesma, non sendo cualificado a mesma.

4 Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Características da proba:

Versará sobre unha mostra suficientemente significativa das capacidades terminais e contidos establecidos na programación para esta parte.

Poderá incluír preguntas tipo test, imaxes, completar, verdadeiro ou falso, preguntas curtas e/ou preguntas a desenvolver para relacionar contidos

A parte teórica valorarase segundo as puntuacións indicadas en cada exercicio.

No caso de haber preguntas curtas e/ou preguntas a desenvolver, se o desenvolvemento ou o resultado non é correcto, a pregunta poderase valorar parcialmente.

Esta parte superarase obtendo 5 puntos sobre 10.

É necesario superar esta parte para acceder á parte práctica da proba.

Instrumentos necesarios e normas:

Para realizar a proba será necesario bolígrafo azul ou negro de tinta endeleble.

Non se permitirá uso de corrector.

O tempo máximo de realización da proba poderá ser de ata 3 horas.

Non se poderá saír ata finalizar a proba.

Non se poderá sacar ningún documento ao finalizar a proba.

Os candidatos/as deberán identificarse co seu DNI no momento da proba.

Quedarán terminantemente prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro dispositivo electrónico -incluídos reloxos/pulseiras intelixentes- (agás a calculadora científica non programable se fose necesaria).

Durante a realización da proba o pelo deberá estar recollido e as orellas deberán estar descubertas.

O profesor poderán excluír da proba aos alumnos ou alumnas que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, non sendo cualificados na proba.

4.b) Segunda parte da proba

Características da proba:

A parte práctica valorarase segundo as puntuacións indicadas en cada exercicio.

Versará sobre unha mostra suficientemente significativa das capacidades terminais e contidos establecidos na programación para esta parte.

Poderá consistir na resolución de casos prácticos no taller de TCAE e poderá incluír preguntas tipo test, imaxes, preguntas curtas e/ou preguntas a desenvolver para relacionar contidos, ou consistir soamente neste tipo de proba escrita.

No caso de haber preguntas curtas e/ou preguntas a desenvolver, se o desenvolvemento ou o resultado non é correcto, a pregunta poderase valorar parcialmente.

No caso de realización de prácticas, o equipo docente irá revisando in situ o desenvolvemento das tarefas, anotando nunha folla de rexistro o nivel de consecución de cada unha de elas e apoiando ao alumno ou alumna na súa realización coas indicacións que precise.

Para acceder a esta proba será necesario superar a proba teórica.

Esta parte superarase obtendo 5 puntos sobre 10.

De non superar a primeira parte da proba a cualificación nesta segunda parte será dun 0.

Instrumentos necesarios e normas:

Para realizar a proba poderá ser necesaria bata ou uniforme.

Para realizar a proba poderá ser necesario bolígrafo azul ou negro de tinta endeleble.

Non se permitirá uso de corrector.

O tempo máximo de realización da proba poderá ser de ata 3 horas.



Non se poderá saír ata finalizar a proba.

Non se poderá sacar ningún documento ao finalizar a proba.

Os candidatos/as deberán identificarse co seu DNI no momento da proba.

Quedará terminantemente prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro dispositivo electrónico -incluídos reloxos/pulseiras intelixentes- (agás a calculadora científica non programable se fose necesaria).

Durante a realización da proba o pelo deberá estar recollido e as orellas deberán estar descubertas.

O profesor poderán excluír da proba aos alumnos ou alumnas que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, non sendo cualificados na proba.